



informa

www.cig-ensino.gal

18-21 horas

Non é traballar menos, é traballar mellor



Representantes sindicais concentráronse o 18 de setembro e despregaron unha faixa desde o interior da Consellaría de Educación que foi rapidamente retirada pola seguridade de San Caetano. A CIG-Ensino non parará de reivindicar a apertura de negociacións para devolverlle o horario lectivo ao profesorado galego (as 18 horas máximas semanais en Secundaria, FP e ensinanzas de réxime especial e as 21 en Primaria e Infantil) que permitiría unha mellor atención educativa, facer desdobres, reforzos e apoios, ademais de recuperar de forma paulatina os 3.000 postos de traballo perdidos desde os recortes da chegada de Feijóo ao poder.

A Consellaría de Educación á dianteira nos recortes e á cola na restitución de dereitos ao seu persoal docente

O sindicato lamenta a actitude da conselleira desde a súa toma de posesión, de visita en visita protocolaria nos centros, pero allea á súa realidade diaria e a calquera interlocución coa representación sindical.

San Caetano, apagado ou fóra de cobertura

O curso comeza cunha Consellaría instalada no seu búnker: “apagada ou fóra de cobertura”. Para o secretario nacional da CIG-EnsinO, Suso Bermello, esta é a definición máis acaída dunha conselleira “que exerce como xefa de marketing ou protocolo, de visita en visita aos centros, mais ausente dos seus problemas reais”. “Desde o momento en que tomou posesión non manifestou a mínima vontade de interlocución coas organizacións sindicais, máis alá dunha única reunión protocolaria e baleira de contidos coa representación do profesorado. Mais ao contrario, preténdese relegar as mesas de negociación a un mero trámite, sen abrir ningunha canle de negociación das demandas presentadas unha e outra vez polo persoal docente e pola comunidade educativa”, indicou Bermello nunha valoración do curso académico que comezou o 11 de setembro en Infantil e Primaria e o 16 en Secundaria, Bacharelato, FP e nas ensinanzas de réxime especial.


A recuperación do horario roubado, a principal reivindicación

Co aval de 12.000 sinaturas docentes, a volta ás 18 horas lectivas semanais en secundaria e FP e ás 21 en infantil e primaria, será a principal reivindicación que levará a CIG-EnsinO ás distintas mesas de negociación este ano e que marcarán a súa acción sindical. “*Estamos certos de que esta medida redundaría sobre todo na mellora da calidade do ensino, permitindo de novo facer desdobres e incrementando os apoios, é dicir unha atención máis individualizada do alumnado, así como recuperar parcialmente a cifra dos 3.000 postos de traballo perdidos desde o inicio da crise*”, apuntou Bermello. Cando xa hai comunidades autónomas que restituíron os horarios que o seu persoal docente tiña antes da imposición unilateral do PP no 2012 (**Navarra, Euskadi, Cantabria, Canarias, Andalucía, Asturias e Extremadura**) e outras están en trámite de o faceren, o goberno de Feijóo non ten escusas para seguir castigando ao profesorado galego.

Melloras nas condicións de traballo e na calidade educativa, á espera

Mais para a CIG-EnsinO hai outras cuestións urxentes a negociar durante este curso e así llo traladaremos á administración:

- **As ratios.** A dicotomía que se está a consolidar nestes últimos anos entre o medio rural e o urbano marca de novo o inicio de curso, con **aulas saturadas nos ámbitos urbanos e perirurbanos** e con **peche de aulas e mesturas de niveis no ámbito rural e vilego**, cos conseguíntes problemas de atención á diversidade. En primaria





o curso comeza con **42 aulas menos no país** e coa **perda de 62 postos de traballo definitivos** e unha tendencia clara a agrupar cursos de infantil e ciclos de primaria nas vilas pequenas.

- **As afíns. Máis da metade do profesorado con destino provisional de secundaria e FP** impartirá materias nas que non son especialistas, o que unido a un elevado número de docentes definitivos que tamén imparten especialidades diferentes á súa dá unhas cifras totalmente inxustificábeis. Se temos en conta a impartición de ámbitos nos PMAR ou de módulos na FP Básica cabe concluír que por volta de **dous terzos do profesorado de ESO, Bacharelato e FP imparten especialidades que non lle son propias** e moitas veces que non gardan ningunha relación coa súa formación académica e experiencia profesional. A CIG-Ensino esixirá unha vez máis unha regulación das afíns para non perverter o decreto de especialidades docentes e a calidade do ensino que recibe o alumnado.

- **As itinerancias.** Con maior incidencia no profesorado de infantil e primaria, non varía a respecto de cursos anteriores (**un 16% das mestras con destino provisional traballan en mais dun centro**, ao que hai que unir **as especialistas de PT e AL con destino definitivo** que este ano tamén compartirán centros).

A PF dual, unha nova vía de privatización do ensino público

A aposta da Consellaría de Educación pola FP Dual implica decantarse pola empresa en vez de polo sistema educativo público. En palabras de Suso Bermello, “esta vía tan aclamada pola Xunta, até o



punto de dedicar orzamentos e recursos que lle negan a outras demandas dos centros, supón a entrada de facto das empresas no ensino, ao seren as que seleccionan o alumnado, ademais de condicionar os temarios, a formación e mesmo a distribución do currículo dos ciclos formativos”. “Son as empresas as que fixan as bolsas que percibe o alumnado, sen ningunha esixencia por parte da Consellaría, e as que fan e desfán na política de persoal, empregando como man de obra barata o alumnado da FP Dual”, engadiu á vez que amosaba a súa preocupación porque ao desviar a formación que se impartía nos centros cara ás empresas **vanse reducir os postos de traballo para o profesorado de formación profesional.**

O curso comezou con 42 aulas menos e a perda de 62 postos de traballo definitivos en primaria, con dous terzos do profesorado de ESO, bacharelato e FP impartindo afíns e cando menos un 16% de mestras provisionais con contratos itinerantes.

O galego, abandonado e desprezado

“Outra constante que non mudou co cambio de cara na Consellaría e que polo tanto deixa ás claras que a política lingüística é claramente marca de identidade de Feijóo é o maltrato que recibe a nosa lingua no sistema educativo”, subliñou Bermello. “O curso actual será o do décimo aniversario da maior deriva contra o noso idioma, coa publicación do decreto de plurilingüismo, e que a día de hoxe nos deixa unha presenza residual do galego nas aulas de infantil das cidades, a prohibición do seu uso en materias científico tecnolóxicas mentres que se premian publicacións que non se van poder usar por este veto, ou unha minguantante presenza nos ciclos formativos de FP”, engadiu á vez que alertou de que a escaseza de materiais didácticos na nosa lingua, especialmente nos novos formatos dixitais, é unha constante mentres o goberno galego se desentende dunha deriva alarmante no uso do galego na mocidade.

A inestabilidade laboral do profesorado interino

Cunhas oposicións nas que **o 33% das persoas que as superaron nunca traballaron no ensino ou que un total do 52% traballaron menos de 1 ano e con porcentaxes de aprobados con máis de 5 anos de experiencia no ensino público que non chegan ao 20%** fica claro que nos atopamos cun enorme problema que a administración educativa despreza e os seus socios sindicais non queren ver: son **centos os docentes que perden os seus postos de traballo e pasan a facer substitucións**, incidindo na precariedade laboral deste colectivo. O secretario nacional da CIG-Ensinu urxiu a facer cambios no sistema de oposicións para garantir un **verdadeiro concurso-oposición** e a realizar un **estudo rigoroso das ofertas de emprego** e da **situación das listas por especialidade**, así como a negociar un **acordo de estabilidade**.

A LOMCE segue mentres o goberno do Estado xoga con nós

Non pode faltar unha referencia ao compromiso incumprido polo PSOE de derrogar a LOMCE no seu ano de goberno. Nestes momentos, o impase e o xogo de intereses partidistas no centro-esquerda español mantén inalterábel o imperio da peor lei educativa das últimas décadas. *“O último episodio vivímolo hai escasas datas coa sentenza dun xulgado galego que entende como natural que alumnado de Bacharelato que quere cursar materias como Robótica, Antropoloxía ou Coeducación teña que verse obrigado a sumar Relixión na súa formación académica. Desprézase deste xeito a aconfesionalidade do Estado. Unha anomalía permitida e amparada pola LOMCE que, segundo se comprobou, o PSOE quere manter ao non ser quen nin sequera de anular o carácter académico e a obriga de ofertar Relixión, unha postura na que a Xunta tampouco está disposta a modificar a oferta de materiais de libre configuración para evitar esta situación”*, sentenciou Suso Bermello ao tempo que lembrou a firme oposición do sindicato á presenza da Relixión nos centros educativos.



OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, Baixo
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal